

## O PARO EN ESPAÑA: ¿TEN SOLUCIÓN? A PROPÓSITO DUN ESTUDIO DO CEPR<sup>1</sup>

SANTIAGO LAGO PEÑAS  
Economista

Recibido: 24 abril 1996

Aceptado: 19 maio 1997

O paro masivo é, sen dúbida, o problema máis urgente dos que afectan na actualidade á economía española. A súa gravidade non nos permite caer no desánimo nin aceptar con resignación a convivencia cun problema de tal magnitud. Por todo iso, calquera proposta para resolvelo debe ser recibida cunha certa esperanza e satisfacción. Sen embargo, esta lóxica resposta inicial debe ser seguida dunha análise sosegada, partindo do recoñecemento de que, desafortunadamente, as solucións fáceis e sen custos non existen na realidade e que a discusión sobre o desemprego en xeral, e o funcionamento do mercado laboral en particular, é un terreo especialmente fertilizado para a confrontación ideolóxica. A competencia dos autores do informe que orixinou esta nota constitúe unha inmellorable carta de presentación e indúcenos a estudiar con grande interese e atención as súas recomendacións<sup>2</sup>. No que segue, tratamos de dar conta delas, para pasar a comentar, posteriormente, algunas das limitacións que poderían poñer en cuestión a súa viabilidade.

O libro consta de catro estudos sobre distintos aspectos do desemprego en España e o informe conxunto do grupo *CEPR sobre o paro español*. Os traballos, que se inclúen como anexos, tratan de aproximarse sucesivamente á evolución recente do mercado laboral (L. Toharia e J.F. Jimeno), á relación entre os salarios agregados e o paro en España (J. Andrés), á orientación da política fiscal e monetaria no período democrático (J.F. Jimeno, J. Andrés e D. Taguas) e, en fin, ós principais aspectos microeconómicos do noso mercado de traballo (A. Revenga). Estas interesantes achegas constitúen a base sobre a que se sustentan as conclusións que abren o documento, no que, á parte dos economistas antes citados, figuran como asinantes teóricos da categoría de R. Solow, E. Malinvaud, C. Bean, O. Blanchard, D. Snower ou G. Saint-Paul.

O cambio na política económica proposto na obra atópase tan lonxe da desregulación total do mercado de traballo que semellan defender algúns, como da postura daqueles queinxenuamente sosteñen que a solución pasa simplemente polo

<sup>1</sup> Blanchard, O.; Jimeno, J.F. [coord.] (1994).

<sup>2</sup> Que nos remiten a outros magníficos traballos como o artigo de Andrés e García (1992) ou o libro coordinado por J. Drèze e C. Bean (1990).

aumento da demanda. A súa concepción, pola contra, responde a un paradigma de política económica que, nunha ou noutra variante, vai gañando cada día máis adeptos. Referímonos á *solución keynesiana*, alternativa ás políticas neoclásicas de *desinflación competitiva* que tan de moda estiveron na década dos oitenta. Esa opción consiste, en liñas xerais, en promover unha expansión da demanda complementada con políticas que permitan que este estímulo se traduza nun aumento real da producción e do emprego e non na aceleración da inflación. En relación con estas medidas, algúns economistas decántanse polas políticas de rendas —como, por exemplo, Franco Modigliani (1994)— mentres que outros consideran preferibles as políticas polo lado da oferta —como no caso do libro que estamos comentando—. Aínda que de entrada ningúén renega destas, ás veces outórgasellos un papel secundario, condicionándoas ás especificidades de cada país.

No informe, insístese repetidas veces en que a mellor maneira de reduci-lo paro é aumenta-la demanda e a creación de emprego, non só porque na actualidade, tal e como reflicten as estimacións do MOISEES (Modelo de investigación e simulación da economía española do Ministerio de Economía e Facenda), unha proporción moi importante das empresas españolas se enfronte a unha situación de falta de demanda dos seus produtos; senón polo feito de que estas unicamente ampliarán a súa capacidade e, polo tanto, a súa demanda de traballo de pleno emprego ou clásica, cando observen unha demanda suficiente dos seus productos. Á hora de aplicar unha política macroeconómica máis expansiva, o nivel actual do déficit cuestiona seriamente o recurso ó orzamento con este fin. Por ese motivo, deféndese a aplicación dunha política monetaria menos restrictiva que, ó reduci-los tipos de xuro a curto prazo, incentive o gasto privado e, en definitiva, o crecemento e o emprego.

Sen embargo, unha baixada nos tipos de xuros só será eficaz se vai acompañada de determinados cambios no lado da oferta da economía que permitan que o incentivado aumento do gasto incremente o emprego sen afectar negativamente ós prezos. De feito, un dos autores do informe sinalou nun artigo posterior (Jimeno, 1995) que a súa proposta podería entenderse, de forma alternativa, como a suxestión de poñer en práctica unha serie de perentorias reformas no lado da oferta secundadas por unha política de demanda *acomodaticia*, necesaria ó non existi-la flexibilidade de prezos e salarios suficiente para levar á economía con celeridade e de forma automática ós niveis de renda e emprego de equilibrio. Para lograr este segundo obxectivo, fíxase a atención no funcionamento do mercado laboral, deixando a un lado outros factores que poden estar detrás do problema da inflación, como por exemplo as tan denunciadas rixideces no sector servicios. Neste sentido, considérase prioritario avanzar en dous frontes: reduci-los elevados custos de despedimento e modifica-la estructura actual da negociación colectiva, eliminando o nivel sectorial en favor dunha negociación nacional e por empresas. Ámbolos dous aspectos son responsables directos, segundo os autores, da estructura de *insiders-*

-*outsiders* do mercado laboral español, que debilita a relación entre salarios e desemprego —o que aumenta, á súa vez, a persistencia do paro—, e do nesgo inflacionista na determinación dos salarios.

Afondemos nesta segunda liña de actuación. Como é ben sabido, a relación entre salarios reais e emprego prodúcese a través de varias vías. En primeiro lugar, na medida en que os prezos do factor traballo aumentan máis cós dos bens de capital, incentívase a substitución do primeiro polo segundo e prímanse os procesos productivos intesivos en capital<sup>3</sup>. Por outro lado, non podemos perder de vista que, cando nos movemos nun contexto de tipos de cambio fixos, unha suba dos custos laborais unitarios superior á dos nosos competidores mingua a competitividade no sector de bens comercializables, xa que o pulo daqueles non pode ser trasladado a prezos con facilidade. O resultado é unha reducción no excedente bruto de explotación que frea as decisións de investimento, recortando o crecemento do stock de capital productivo privado e, en fin, o crecemento e o emprego potencial.

En definitiva, trátase de favorece-lo investimento que amplíe a capacidade productiva e que non substitúa traballo por capital en maior grao có debido ó propio progreso técnico. É evidente que a intensificación do capital provoca un aumento da productividade aparente do traballo, e na medida en que se cambie ou cando menos se free esta tendencia producirase un certo retroceso no crecemento da productividade. Pero este aparente *trade-off* non nos ha preocupar en exceso<sup>4</sup>. É de esperar que o aumento da taxa de ocupados sexa máis que proporcional, resultando ó final un aumento do PIB per cápita que, sen menospreza-las consideracións de carácter distributivo, é fundamental na mellora do benestar económico da sociedade. Para logralo, repetimos, é preciso prover dunha demanda suficiente ás empresas e coida-la evolución do prezo relativo dos factores.

No libro abórdanse outras cuestións que adoitan aparecer no centro do debate sobre o emprego como son a mobilidade xeográfica e funcional dos traballadores, o sistema de seguro de desemprego, a *brecha fiscal* ou a existencia de certas rixideces que limitan a utilización do traballo temporal e a tempo parcial. Sen embargo, estes aspectos consideráñse menos esenciais cós arriba sinalados. Tamén se considera a posibilidade de reactiva-los acordos nacionais sobre salarios —e as marxes empresariais, engadiríamos nós—, cando menos temporalmente, para coadxuvar ás reformas polo lado da oferta a reduci-lo paro sen aumentala inflación. A este respecto, é especialmente destacable a opinión dos autores de que non é necesaria unha maior redistribución en contra do traballo e a favor do capital —ó seu xuízo as taxas de beneficios actuais son moi altas en España—, polo que sería posible que os salarios reais-producto subiran tanto como a productividade do tra-

<sup>3</sup> Esta relación entre o crecemento dos salarios per cápita e do emprego por unidade de producto foi estimada polo profesor Raymond (1992), que atopa unha relación negativa e significativa entre ámbalas dúas variables para o período 1971-1991.

<sup>4</sup> Sobre estes aspectos pode verse o traballo de Revenga e Bentolila (1995).

ballo. Este feito é da máxima relevancia xa que, como nos lembraba o profesor Robert Solow nun dos seus recentes traballos (Solow, 1992)<sup>5</sup>, no mercado de traballo o alcance das nocións de xustiza e equidade vai moito máis alá ca en calquera outro. Toda política que afecte ó seu funcionamento ha ter en conta este trazo, en tanto que a súa viabilidade depende de que o resultado sexa xusto a xuízo dos axentes sociais. Do contrario, os desacordos sobre as participacións na renda poden desencadear novamente inflación e/ou desemprego.

Á hora de xulgármo-la aplicabilidade de todas estas recomendacións, parécenos que hai que ter en conta varias cuestións. En primeiro lugar, é preciso considera-la opinión do Banco de España sobre a posibilidade de relaxa-lo ton da política monetaria. Dado que o seu obxectivo primordial —tal e como se lle encomendou de forma expresa na recentemente promulgada *Lei de autonomía do Banco de España*— é o control dos prezos, se no seu continuo seguimento da evolución destes aprecia tensións inflacionistas, debe de reaccionar cos instrumentos dos que dispoñ. Se cadra esta non sexa sempre a mellor maneira de resolve-lo problema xa que, como o propio instituto emisor reconece, os factores de inflación non teñen en tódolos casos carácter monetario e os custos para a economía dunha política monetaria moi restrictiva poden ser moi graves. Sen embargo, este unicamente pode denunciar aqueles elementos que están detrás do comportamento dos prezos pero que non pode controlar, e mentres espera a súa corrección, administra-la súa amarga medicina. A enorme responsabilidade que recae sobre os seus ombros e o medo a sufrir unha perda de credibilidade no cumprimento do seu obxectivo básico, xustifica as súas reticencias á hora de baixa-los tipos de xuros. Evidentemente, os autores do informe que aquí comentamos son plenamente conscientes desta realidade, pero son más optimistas sobre a reacción dos axentes económicos e os mercados financeiros se se pon en marcha unha estratexia xeral relacionada tanto coa oferta como coa demanda cible, a parte de que consideran que actualmente o paro está moi por riba da NAIRU da economía española.

En calquera caso, o Banco de España só pode altera-los tipos de xuros a curto prazo, porque os tipos a longo dependen en boa medida da prima de risco esixida nos mercados financeiros internacionais. A "tiranía" destes pode provocar que o custo do diñeiro a longo prazo suba —chegando incluso a provocar un efecto final contractivo—, como resposta a unha expansión da demanda inoportuna ó seu xuízo. Coñecedor deste feito, o banco emisor condiciona as baixadas nos tipos de intervención ó logro dun recorte importante nas cifras do déficit, que reduciría o diferencial dos tipos de xuros españoles con respecto ós países da nosa contorna. Así, mentres que os autores do informe aprecian a política fiscal actual como unha consecuencia directa dos altos niveis de desemprego e propoñen agarda-la recuperación para modificala, o Banco de España, co apoio académico dun considerable

---

<sup>5</sup> A súa análise, que parte da existencia de normas sociais depositarias desta idea de xustiza social, ten un antecedente no coñecido libro de Malinvaud (1995).

número de economistas<sup>6</sup>, defende a corrección do déficit como medida previa —non a única, pero si a máis importante— ó cambio de orientación na política monetaria.

En segundo lugar, sabemos que é imposible manter unha política monetaria autónoma nun contexto de tipos de cambio fixos, liberdade de comercio entre países e mercados de capitais integrados internacionalmente. Por iso, os autores manteñen que a estabilidade do tipo de cambio debe supeditarse á aplicación dunha política monetaria máis acorde cos niveis actuais de actividade no noso país. En consecuencia, "se o crecemento obriga a realizar axustes nos tipos de cambio, benvidos sexan estes" (p. 18), aínda que é certo que a recente ampliación das bandas de fluctuación no SME —que en realidade o transformou nun sistema de cambios semifixos— dota de maior marxe ó banco central. Con esta postura sobre os compromisos cambiarios elimínase o problema ó que aludimos anteriormente, asociado ó diferencial na taxa de crecemento dos custos laborais unitarios cando existen tipos de cambio fixos. En canto ás críticas que inciden na inflación importada por causa da desvalorización, os autores sinalan que esta podería ser convenientemente controlada mediante a utilización do deflactor do PIB en lugar do IPC á hora de estima-los salarios.

Sen embargo, esta posición non é compartida por unha boa parte da profesión que, sendo se cadra menos optimistas sobre a reacción de axentes e mercados, ve na estabilidade cambiaria unha condición fundamental para a estabilidade de prezos; á parte, claro está, dos custos —menos taxibles, pero importantes— en materia de credibilidade da política económica e o risco de fomentar expectativas de posibles desvalorizaciones futuras, activadoras da taxa de inflación e os tipos de xuros internos. Ademais, como recentemente escribía Guillermo de la Dehesa (1995), existe unha clara restricción temporal á hora de cambiar de política macroeconómica dado o consenso para volver a medio prazo a un sistema de cambios fixo e avanzar na UEM.

Finalmente, polo que se refire á estructura de traballadores *insiders-outsiders* definidora do funcionamento do noso mercado laboral, hai que ter en conta a impopularidade das medidas que recortan de forma importante o poder negociador dos traballadores internos, sendo menos controvertidas as que pretenden facilita-lo acceso ós traballadores externos —como, por exemplo, a mellora na formación profesional dos parados— (Lindbeck, 1994).

Non queremos concluir esta breve nota sen referirnos á discusión sobre o reparto do emprego no noso país. A pesar de que a diminución da xornada laboral se perfila como unha clara tendencia a longo prazo nas economías desenvolvidas, non nos parece que na situación actual da economía española esta proposta sexa un *primeiro óptimo* á hora de solucionar o problema do paro masivo. Como sabemos,

<sup>6</sup> Véxase, por exemplo, Banco de España (1995); *Revista del Instituto de Estudios Económicos*, núm. 1-2 (1995); ou o número 100 correspondente a xullo de 1995 de *Cuadernos de Información Económica*.

España sitúase hoxe en día en torno ó 75% do PIB per cápita medio europeo, dato que deixa claramente á luz que no reparto do traballo non se atopa a solución ós nosos males. Cremos que o que verdadeiramente fai falta para reduci-lo número de desempregados e acelera-lo proceso de converxencia coas economías europeas máis desenvolvidas é crear máis horas de traballo, non redistribuí-las existentes. Evidentemente, isto non implica que non se poida discuti-la oportunidade de rebaixas no tempo de traballo no caso de empresas ou sectores con exceso de capacidade, ou que non se sexa consciente de que o crecemento secular da productividade nas nosas economías permitiu e permitirá, afortunadamente, reducir de maneira considerable as horas de traballo per cápita.

## BIBLIOGRAFÍA

- ANDRÉS, J.; GARCÍA, J. (1992): "Principales rasgos del mercado de trabajo español ante 1992", en J. Viñals: *La economía española ante el Mercado Único Europeo*, pp. 313-378. Madrid: Alianza.
- BANCO DE ESPAÑA (1995): *Discurso de presentación del informe anual pronunciado por el gobernador ante el Consejo de Gobierno del Banco de España*.
- BLANCHARD, O.; JIMENO, J.F. [coord.] (1994): *El paro en España, ¿tiene solución?* [Informe elaborado polo CEPR]. Consello Superior de Câmaras de Comercio, Industria y Navegación de España.
- DEHESA, G. DE LA (1995): *El País*, 18-19/09/95.
- DRÈZE, J.; BEAN, C. (1990): *Europe's Unemployment Problem*. Cambridge, MA: MIT Press.
- JIMENO, J.F. (1995): *El País*, 03/07/95.
- LINDBECK, A. (1994): *Paro y macroeconomía*. Madrid: Alianza.
- MALINVAUD, E. (1985): *Paro masivo*. Antoni Bosch.
- MODIGLIANI, F. (1994): "La crisis europea del desempleo: Análisis monetarista-keynesiano y sus implicaciones", *Información Comercial Española*, núm. 736, pp. 15-30.
- RAYMOND, J.L. (1992): "Salarios reales y empleo", *Papeles de Economía Española*, núm. 52-53, pp. 126-128.
- REVENGA, A.; BENTOLILA, S. (1995): "What Affects the Employment Rate Intensity of Growth?", *Documentos de Trabajo del Servicio de Estudios del BE*, núm. 9.517.
- SEBASTIÁN, C. (1995): "El desequilibrio en el mercado de trabajo", *Papeles de Economía Española*, núm. 62, pp. 344-360.
- SOLOW, R. (1992): *El mercado de trabajo como institución social*. Madrid: Alianza.